



DISPOSICIONES TRANSITORIAS

IX. DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Disposición transitoria primeira. *Adecuación das entidades públicas instrumentais*

O disposto nesta lei para as entidades incluídas no apartado cinco da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aplicaráselle as axencias públicas autonómicas que resulten da adaptación das súas normas estatutarias de organización e funcionamento.

Disposición transitoria segunda. *Dotación do fondo de continxencia*

A dotación do fondo de continxencia de execución orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizarase gradualmente durante o período de consolidación orzamentaria. Para o ano 2018, a dotación será de 36.417.175 € e poderá empregarse para financiar os axustes no capítulo I do Servizo Galego de Saúde.

